



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de outubro de dous mil vinte e catro, a "**Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2024, vía Suplemento de Crédito**", exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, vinte e nove de outubro de dous mil vinte e catro.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3323

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2024, o expediente de modificación de créditos núm. 17 /2024, (4º de competencia do Pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de cento setenta e un mil trescentos oitenta (171.380,00) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaria deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 25 de outubro de 2024.- O Alcalde- Presidente, Jose Ulla Rocha.

R. 3285

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobados provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada con data de 25 de outubro de 2024, os expedientes de modificación das Ordenanzas Fiscais que se citan; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo-, se expoñenao público na secretaria municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do seuexame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, en tenderanse ditos acordos elevados a definitivos.

Ordenanzas Fiscais que se modifican:

- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmables.
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.
- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Rede de Sumidoiros e Depuración de augas Residuais.

Begonte, 25 de outubro de 2024.- O Alcalde- Presidente, José Ulla Rocha.

R. 3286

O INCIO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MC- SC (GESTIONA 297/2024)

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello de O Incio (Lugo), adoptado en data 27 de SETEMBRO de 2024, sobre expediente de modificación de créditos exp. 297/2024, modalidade suplemento de crédito por maiores ingresos para Gastos Xerais, que se fai público resumido por capítulos:

A) ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
1	Gastos de persoal	1.285.328,79
2	Gastos en bens correntes e servizos	675.904,61
3	Gastos financeiros	19.734,09
4	Transferencias correntes	4.200,25
5	Fondo de continxencia	0,00
6	Investimentos reais	413.182,55
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	59.631,72
TOTAL		2.457.982,01

B) ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
1	Impostos directos	442.692,55
2	Impostos indirectos	46.000,00
3	Taxas e outros ingresos	242.000,00
4	Transferencias correntes	1.339.493,62

5	Ingresos patrimoniais	4.800,00
6	Alleamentos de investimentos reais	35.000,00
7	Transferencias de capital	197.995,84
8	Activos financeiros	150.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		2.457.982,01

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Incio, 25 de outubro de 2024.- O Alcalde-Presidente, D. Héctor M. Corujo González.

R. 3287

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2024, acordou a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto da Taxa polo subministro de auga do Concello de O Incio.

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

O Incio, 25 de outubro de 2024.- O Alcalde, D. Héctor M. Corujo González.

R. 3288

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2024, acordou a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza fiscal n.º 16 reguladora da Taxa de saneamento e rede de sumidoiros do Concello de O Incio.

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

O Incio, 25 de outubro de 2024. O Alcalde, D. Héctor M. Corujo González.

R. 3289

MONDOÑEDO

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 24 de outubro de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0303 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “RESPONSABLE UNIDADE SERVICIOS SOCIAIS E BENESTAR”, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en **unha praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo denominada **Traballador/a Social (posto: Responsable Unidade Servicos Sociais e Benestar)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0060 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Non presentándose alegacións, polo que tal e como consta no apartado 6.2 das Bases Xerais do proceso de selección, de non presentarse alegacións á lista provisional considerárase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación desta.

Esta Alcaldía, ditou o día 19 de xuño de 2024 a Resolución núm. 2024-0144 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a realización da fase de baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 27 de xuño de 2024, na que se reflicte que a candidata MARÍA MONTSERRAT LÓPEZ GONZÁLEZ con DNI ***1417** foi a candidata con maior puntuación, estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 28 de xuño ata o 2 de xullo (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento do 21 de outubro de 2024 que contiña as cualificacións finais definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 22 ata o 26 de outubro de 2024, para que a candidata proposta presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través do rexistro municipal o día 22 de outubro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-2999.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como funcionaria de carreira, a tempo completo, para ocupar **unha (1) praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo de **Traballador/a Social, posto denominado Responsable Unidade Servicos Sociais e Benestar**, grupo A, subgrupo A2 a D.ª María Montserrat López González con DNI núm. ****1417**.

Segundo.- Notificar a presente á interesada, publícala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, 24 de outubro de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

R. 3290

Anuncio

A Alcaldía-Presidentencia do Concello de Mondoñedo, o día 24 de outubro de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0302 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “TRABALLADOR/A SOCIAL”, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en **unha praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo denominada **Traballador/a Social (posto: Traballador/a Social)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0059 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Non presentándose alegacións, polo que tal e como consta no apartado 6.2 das Bases Xerais do proceso de selección, de non presentarse alegacións á lista provisional considerárase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación desta.

Esta Alcaldía, ditou o día 19 de xuño de 2024 a Resolución núm. 2024-0143 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a realización da fase de baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 27 de xuño de 2024, na que se reflicte que a candidata SONIA MARÍA FRAGA OTERO con DNI ***9720** foi a candidata con maior puntuación, estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 28 de xuño ata o 2 de xullo (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento do 21 de outubro de 2024 que contiña as cualificacións finais definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 22 ata o 26 de outubro de 2024, para que a candidata proposta presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través do rexistro municipal o día 22 de outubro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-2998.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como funcionaria de carreira, a tempo completo, para ocupar **unha (1) praza de persoal funcionario** no Concello de Mondoñedo de **Traballador/a Social, posto denominado Traballador/a Social**, grupo A, subgrupo A2 a **D.ª Sonia María Fraga Otero** con DNI núm. ****9720**.

Segundo.- Notificar a presente á interesada, publícala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, 24 de outubro de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

R. 3291

Anuncio

A Alcaldía-Presidentencia do Concello de Mondoñedo, o día 24 de outubro de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0301 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE DINAMIZADOR/A ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “DINAMIZADOR ACTIVIDADES DEPORTIVAS”, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en **unha praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo denominada **Dinamizador/a Actividades Deportivas (posto: Dinamizador Actividades Deportivas)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0061 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Non presentándose alegacións, polo que tal e como consta no apartado 6.2 das Bases Xerais do proceso de selección, de non presentarse alegacións á lista provisional considerárase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación desta.

Esta Alcaldía, ditou o día 10 de xullo de 2024 a Resolución núm. 2024-0179 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a realización da fase de baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 18 de xullo de 2024, na que se reflicte que o candidato RAÚL BENITO GONZÁLEZ-REDONDO ARES con DNI ***6917** foi o candidato con maior puntuación, estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 19 ata o 23 de xullo (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento do 21 de outubro de 2024 que contiña as cualificacións finais definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 22 ata o 26 de outubro de 2024, para que o candidato proposto presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través do rexistro municipal o día 22 de outubro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-2995.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como funcionaria de carreira, a tempo completo, para ocupar unha (1) praza de persoal funcionario no Concello de Mondoñedo de **Dinamizador/a Actividades Deportivas, posto denominado Dinamizador Actividades Deportivas**, grupo A, subgrupo A2 a **D. Raúl Benito González-Redondo Ares** con DNI núm. ****6917**.

Segundo.- Notificar a presente á interesada, publícala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Mondoñedo, 24 de outubro de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

R. 3292

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 24 de outubro de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0300 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE ARQUEÓLOGO/A DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “ARQUEÓLOGO/A”, GRUPO A, SUBGRUPO A1, XORNADA PARCIAL: 80%, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en unha praza de persoal funcionario no Concello de Mondoñedo denominada **Arqueólogo/a (posto: Arqueólogo/a)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, **xornada parcial: 80%**, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0077 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Non presentándose alegacións, polo que tal e como consta no apartado 6.2 das Bases Xerais do proceso de selección, de non presentarse alegacións á lista provisional considerárase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación desta.

Esta Alcaldía, ditou o día 11 de xullo de 2024 a Resolución núm. 2024-0184 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a realización da fase de baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 19 de xullo de 2024, na que se reflicte que o candidato ABEL VIGO GARCÍA con DNI ***7654** foi o candidato con maior puntuación, estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 20 ata o 24 de xullo (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento do 21 de outubro de 2024 que contiña as cualificacións finais definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 22 ata o 26 de outubro de 2024, para que o candidato proposto presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través do rexistro municipal o día 22 de outubro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-2985.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como funcionaria de carreira, a tempo completo, para ocupar **unha (1) praza de persoal funcionario** no Concello de Mondoñedo de **Arqueólogo/a, posto denominado Arqueólogo/a**, grupo A, subgrupo A1 a **D. Abel Vigo García con DNI núm. ****7654****.

Segundo.- Notificar a presente á interesada, publícala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, 24 de outubro de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

R. 3293

MURAS

Anuncio

Exposición pública conta xeral 2023

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2023 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión do día 25 de outubro de 2024 expónse ao público, cos documentos que a xustifican, no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Muras (<https://muras.sedelectronica.gal>) polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/19 85, do 2 de abril, e o artigo 212.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Muras, 25 de outubro de 2024.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3294

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Bases para a elección xuíz de paz substituto.

1º) Requisitos:

+ Ser español, maior de idade e non estar impedido nin física nin psiquicamente para o cargo.

+ Non estar condenado por delito doloso mentres non se obtivese a rehabilitación, nin estar procesado ou inculpado por delito doloso mentres non resulte absolto ou se dite acto de sobresemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís.

2º) Solicitude:

Farase no impreso que para os efectos se facilitará nas oficinas municipais conforme o seguinte modelo:

D. _____,
maior de idade, veciño de _____ con domicilio en _____
_____ con D.N.I. vixente número _____,
e teléfono número _____,

EXPÓN:

Que ten coñecemento polo edicto publicado no B.O.P. número _____ de data _____ da apertura do prazo de solicitudes para designa-la persoa que ocupe o posto de xuíz de paz substituto deste concello.

Que non se encontra en ningún dos casos previstos de incapacidade ou incompatibilidade para o desempeño do cargo.

Que alega os seguintes méritos, e xunta á presente solicitude a seguinte documentación:

Que crendo acada-los requisitos legais para o desenvolvemento de dito cargo,

SOLICITA:

Ser nomeado xuíz de paz substituto da Pobra de Brollón.

(Lugar, data e sinatura)

Sr. Alcalde da Pobra do Brollón.

3º) Prazo e lugar de presentación:

No rexistro municipal no prazo de quince días hábiles dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P

4º) Documentación a xuntar:

- ✓ Certificación da acta de nacemento ou fotocopia compulsada do D.N.I.
- ✓ Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da lei 68/1.980.
- ✓ Certificacións ou copias compulsadas de títulos académicos.
- ✓ Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

5º) Criterios de elección:

As prioridades establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

A Pobra do Brollón, 25 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 3295

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 64/2024, SUPLEMENTO DE CREDITO FINANCIADO CON BAIXAS

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 22/10//2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 64//2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO de crédito por importe de **10.000,00 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 24 de outubro de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3296

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 54/2024-

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 22/10/2024, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 54/2024 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito de distintas áreas de gastos,pola cantidade de **66.944,26** euros, que se fai público resumido por capítulos:

0				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	6.164.293,07	66.944,26	6.231.237,33
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.953.998,53		5.953.998,53

3	Gastos Financeiros	82.789,60	0	82.789,60
4	Transferencias Correntes	510.870,73	0	510.870,73
5	Fondo de continxencia	233.731,49	-66.944,26	166.787,23
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	5.702.017,23	0,00	5.702.017,23
7	Transferencias de Capital	741.816,64	0	741.816,64
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	193.612,12	0,00	193.612,12
Total		19.610.174,95		19.610.174,95
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.834.000,00	0	2.834.000,00
2	Impostos Indirectos	740.000,00	0	740.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.905.774,06	0	2.905.774,06
4	Transferencias Correntes	5.402.755,41	0	5.402.755,41
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	85.000,00	0	85.000,00
7	Transferencias de Capital	3.213.028,92	0	3.213.028,92
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	2.599.407,54	0	2.599.407,54
9	Pasivos Financeiros	1.317.400,00	0	1.317.400,00
Total		19.610.174,95	0	19.610.174,95

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 24 de outubro de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3297

SARRIA**Anuncio**

O día 08/10/2024, o Alcalde do Concello de Sarria, mediante Decreto 2024-1677, ditou a seguinte resolución:

DECRETO DE ALCALDÍA

Mediante Decreto 2024-1611, de data 27/09/2024, nomeouse a Iván Pérez Soto para ocupar o posto de policía local obtido mediante o proceso de mobilidade convocado por esta entidade, rematando o prazo para a toma de posesión o día 08/10/2024.

Visto o escrito presentado o día 07/10/2024 (Rexistro 2024-E-RE-2296) por Iván Pérez Soto, no cal comunica que obtivo destino no Concello de Lugo no proceso de mobilidade levado a cabo pola AGASP e que opta polo referido destino no Concello de Lugo.

Vista a notificación adxunta da AGASP, de data 03/10/2024, na cal se indica expresamente o seguinte:

“En cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícolle a resolución do director xeral da Agasp do 2 de outubro de 2024 pola que se fai pública a adxudicación de destinos obxecto do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía (DOG Núm. 114, do 13 de xuño), e na que vostede, acreditados os requisitos e rematado o proceso selectivo, adxudícaselle destino no corpo da Policía Local de Lugo.”

Visto o artigo 41.1 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, que establece que ***“De conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, os destinos adxudicados son irrenunciabes, agás que con anterioridade ao remate do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública. Nese caso a persoa adxudicataria poderá optar e comunicar a opción elixida. Unha vez comunicada esta circunstancia ao concello convocante da praza a que renuncia, poderá tomar posesión da outra praza obtida en paralelo noutra convocatoria pública”***

Visto o artigo 41.2 da mesma norma, que establece que ***“O tribunal, realizará neste suposto unha segunda e, de ser o caso, sucesivas propostas en favor da persoa candidata que obtivese a seguinte mellor cualificación no concurso”***.

Considerando que non houbo máis persoas aspirantes que se presentaran ao presente proceso de mobilidade.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a opción de Iván Pérez Soto respecto do destino obtido no Concello de Lugo e revocar, polo tanto, o nomeamento realizado mediante Decreto 2024-1611, para ocupar a o posto de Policía Local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1 no Concello de Sarria.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución á persoa interesada.

TERCEIRO.- Comunicar a presente resolución ao departamento de persoal e á Intervención municipal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Declarar deserto o posto de Policía Local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1 por non haber máis aspirantes no proceso de selección que poidan ser propostos polo tribunal.

QUINTO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a efectos de indicar a revocación do nomeamento por obter destino noutra entidade e a declaración de deserto do posto de policía local.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Sarria, a data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario, dou fe.

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.

Sarria, 24 de outubro de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3298

TRIACASTELA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de 24 de outubro de 2024, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de 1 traballador/a a xornada completa para o posto de:

- Administrativo ao abeiro do Programa Reforzo do Emprego de conformidade ao Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024.

Duración do contrato: 10 meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Mais información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 24 de outubro de 2024.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 3299
